

## ORDENANZA FISCAL NUMERO T22

### **Taxa pola retirada de vehículos da vía pública ou terreos adxacentes e o seu traslado ó depósito municipal e inmovilización de vehículos que se atopen estacionados en forma antiregulamentaria sen perturbar gravemente a circulación.**

#### **Artigo 1º. Concepto e fundamento legal.**

De conformidade co previsto no artigo 57 en relación co artigo 20.1 B) e 20.4 z) do Real Decreto Legislativo 2/2004 que refunde o texto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por retirada de vehículos da vía pública ou terreos adxacentes e o seu traslado ó depósito municipal e inmovilización de vehículos que se atopen estacionados, en forma antiregulamentaria sen perturbar gravemente a circulación, que se rexirá pola presente Ordenanza.

#### **Artigo 2º. Feito imponible.**

1. O feito imponible da taxa estará constituído pola prestación dos servizos municipais conducentes á retirada, traslado e depósito de vehículos da vía pública ou terreos adxacentes, así como a inmovilización de vehículos que se atopen estacionados en forma antiregulamentaria sen perturbar gravemente a circulación.
2. O feito imponible producirase pola mera iniciación dos servizos municipais conducentes á retirada ou inmovilización do vehículo.

#### **Artigo 3º. Suxeito pasivo e responsable da taxa.**

1. Serán suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que sexan titulares dos vehículos que orixinen a prestación do servizo.
2. Serán responsables da débeda tributaria xunto aos suxeitos pasivos ou debedores principais:
  - a) Solidariamente as persoas a que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.
  - b) Subsidiariamente, as persoas a que se refire o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

#### **Artigo 4º. Exencións, Bonificacións e beneficios tributarios.**

De conformidade co disposto no artigo 9 do Real Decreto Legislativo 2/2004, non se recoñece exención, bonificación nin beneficio tributario alg'n, agás os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou acordos internacionais ou veñan previstos en normas con rango de Lei.

#### **Artigo 5º. Cota tributaria.**

1. A cota tributaria estará constituída polas cantidades fixas e tarifas seguintes:

A) Retirada e traslado ó depósito municipal, as cantidades fixas, segundo os tipos de vehículo seguintes:

Motocicletas e vehículos análogos ..... 8,98 Euros.  
Motocarros, cuadríciclos e vehículos análogos ..... 18,03 Euros.

Turismos, camionetas, furgonetas e vehículos análogos, con tonelaxe de ata 1.500 kgs. ....	62,86 Euros.
Camiones, tractores, remolques, furgonetas e vehículos análogos, con tonelaxe superior a 1.000 kgs. e inferior a 5.000 kgs. ....	67,53 Euros.
Camións e vehículos de máis de 5.000 kgs. y ata 8.000 kgs.....	99,05 Euros.
Camións e vehículos de máis de 8.000 kgs. ....	333,32 Euros.

B) Depósito de vehículos, as tarifas, segundo o tipo de vehículo, por cada día ou fracción, seguintes:

Motocicletas e velocípedos .....	4,48 Euros.
Turismos, camionetas, furgonetas e vehículos análogos con tonelaxe ata 1.500 kg. ....	11,76 Euros.
Motocarros, cuatriciclos e vehículos análogos .....	6,97 Euros.
Camións, tractores, remolques, furgonetas e vehículos análogos con tonelaxe superior a 1.000 kgs. e inferior a 5.000 kgs. ....	18,02 Euros.
Camions e vehículos de máis de 5.000 kgs. ....	63,05 Euros.

C) Inmobilización de vehículos na vía pública utilizando cepos e outros procedementos mecánicos análogos, as cantidades fixas, segundo o tipo de vehículo, seguintes:

Toda clase de vehículos con tonelaxe ata 1.500 kgs .....	23,56 Euros.
Toda clase de vehículos con tonelaxe superior a 1.500 kgs. e inferior a 5.000 kgs. ....	25,79 Euros.
Camións e vehículos de máis de 5.000 kgs. ....	72,10 Euros.

2. A cota tributaria quedará reducida por metade naqueles casos nos que, iniciado o servizo, non chegase a ser efectiva a inmovilización do vehículo, ou non se iniciase a carga para o seu traslado.
3. A cota tributaria determinada conforme ós números anteriores será esixibles sen prexuízo da multa que proceda, conforme ó cadro de multas do Código da Circulación.

#### **Artigo 6º. Dereito á percepción.**

1. O dereito á percepción da taxa producirase, nacente a obriga de contribuir, no momento no que se inicie a prestación do servizo que constitúe o feito impositivo desta taxa.
2. Entenderase que se iniciou a prestación do servizo, cando detectado o vehículo infractor, se se inicien as labores para a súa recollida.

#### **Artigo 7º. Normas de xestión para a retirada de vehículos.**

Trasladado-los vehículos ó depósito municipal, pola dependencia administrativa correspondente, cursarase comunicación ó titular de ditos vehículos, para que, antes do último día hábil do mes seguinte ó que reciba a comunicación, se faga cargo do mesmo e aboe o importe das taxas correspondentes, a liquidación da cal se practicará no momento no que o titular ou persoa autorizada, se presente no depósito municipal, para recolle-lo vehículo.

#### **Artigo 8º**

1. Non serán devoltos ós seus propietarios ningún dos vehículos que fora obxecto de recollida mentres non se faga efectivo o importe das taxas correspondentes, o pago das cales, non exclúe o das sancións ou multas que procedan, por infracción de normas de circulación ou policía urbana.

2. A saída de toda clase de vehículos ingresados no depósito municipal deberá ser autorizada por quen dispuxo o seu ingreso ou persoa habilitada para elo e, unicamente poderán ser entregados, ós seus titulares ou persoas autorizadas as cales farán efectivo, en dito momento, o importe da liquidación.

#### **Artigo 9º.**

1. Transcorrido o prazo a que se refire o artigo 7º sen que o titular se fixera cargo do vehículo e pagada-las taxas, procederase ó cobro das mesmas pola vía de constrinximento, procedendo en primeiro lugar ó embargo do vehículo depositado para a súa posterior subhasta.
2. No acto de remate e adxudicación do vehículo practicarase a liquidación definitiva dos débitos á Facenda Municipal, acumulando á débeda principal, ademáis dos gastos de procedemento, as taxas que se teña dereito a percibir pola estancia do vehículo no depósito municipal, ata o momento da adxudicación.

#### **Artigo 10º**

Cando os titulares dos vehículos depositados fosen descoñecidos, a notificación a que se refire o arto 7º practicarase mediante anuncios publicados no Boletín Oficial da Provincia a costa do interesado, procedendo, seguidamente como determina o artigo 9º.

#### **Artigo 11º Normas de xestión na inmovilización de vehículos.**

1. Cando un vehículo se atope estacionado de xeito antiregulatorio, sen perturbar gravamente a circulación e o seu conductor non se atopara presente ou estando se negase a retiralo, será inmovilizado por medio de cepos ou outros procedementos mecánicos semellantes, que impidan a súa circulación.
2. Unha vez inmovilizado o vehículo, o seu conductor ou propietario, solicitará da autoridade municipal, a súa posta en circulación, para o que satisfará previamente, o importe dos gastos contidos na tarifa da presente Ordenanza, seguindo as normas e procedementos fixados na retirada de vehículos nos artigos 7º a 10º.

#### **Artigo 12º. Infraccións e defraudacións.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto no Capítulo IV da Lei Xeral Tributaria, e elo sen prexuízo das que conforme ó Regulamento do Servicio se poidan impoñer en orde distinta á tributaria.

#### **Disposición derradeira. Entrada en vigor e comezo de aplicación da Ordenanza.**

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” e comezará a súa aplicación na mesma data.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 5 por acordo plenario de data 19 de xaneiro de 2009 e publicado no BOP número 29 de 5 de febreiro de 2009

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 5 por acordo plenario de data 9 de novembro de 2011 e publicado no BOP número 299 de 31 de decembro de 2011